

precisas para o mellor desenvolvemento e execución do disposto neste decreto.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

Santiago de Compostela, trinta de outubro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

*Orde do 3 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2004 pola que se regulan os ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes nesta consellería, no Fondo Galego de Garantía Agraria e na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.*

Con data 13 de abril de 2004 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 17 de marzo de 2004, da entón denominada Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, pola que se regulan os ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na consellería, no Fondo Galego de Garantía Agraria e na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que foi modificada pola Orde do 23 de maio de 2005 (publicada no DOG do 31 de maio) e pola Orde do 27 de outubro de 2005 (publicada no DOG do 4 de novembro).

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 da devandita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente, e establecen no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Mediante esta orde a Consellería do Medio Rural modifica determinados ficheiros xa existentes, que

se especifican no anexo I; crea ficheiros novos de datos de carácter persoal que se relacionan no seu anexo II; e suprime ficheiros anteriores, que se detallan no anexo III.

Artigo 2º.-*Contido.*

A información exixida no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal para as disposicións de creación, modificación e supresión dos ficheiros está contida nos anexos desta orde.

Artigo 3º.-*Finalidade e uso dos ficheiros.*

Os datos de carácter persoal, incluídos nos ficheiros da Consellería do Medio Rural creados por esta orde, só serán utilizados para os fins expresamente previstos e declarados nos anexos e polo persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.-*Cesión de datos.*

Os datos só serán cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e os declarados nos anexos. No suposto de cesión de datos ás administracións públicas haberá que aterse ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

Artigo 5º.-*Órgano responsable dos ficheiros.*

A responsabilidade sobre os ficheiros creados e modificados por esta orde correspóndelle aos órganos que se especifican nos anexos, encadrados na Consellería do Medio Rural.

Nos anexos detállanse os órganos ante os que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan nos ficheiros.

Artigo 6º.-*Nivel de protección e medidas de seguridade.*

O nivel dos ficheiros creados e modificados por esta orde atópase clasificado atendendo ao disposto no artigo 80 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. Nos anexos aparece a clasificación (nivel básico, medio ou alto) dos ficheiros creados ou modificados baixo esta orde.

O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a súa confidencialidade, e os dereitos e obrigas recoñecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2008.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

## ANEXO I

## Modificación de ficheiros

Modifícanse determinados ficheiros de datos persoais contidos no anexo da Orde do 17 de marzo de 2004, que quedan redactados como segue:

C) Ficheiros da Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria (hoxe Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria). Modifícase o ficheiro 5: Rexistro de embotelladores de bebidas alcohólicas.

Nome e descrición do ficheiro	Rexistro de embotelladores de bebidas alcohólicas
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Autorización e rexistro de operadores comerciais que embotellen viños e bebidas alcohólicas
Órgano responsable do ficheiro	Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Titulares das actividades para as que se solicita autorización
Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños. 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Solicitudes dos interesados
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI, enderezo postal e número de teléfono
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria
Comunicacións ou cesións de datos	Prevense comunicacións periódicas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

D) Ficheiros da Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria (hoxe Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria). Modifícase o ficheiro 12: Rexistro de gandarías, criadores e propietarios de razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción.

Nome e descrición do ficheiro	Rexistro de gandarías, criadores e propietarios de razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Este rexistro constará de tantas seccións como razas autóctonas en perigo de extinción haxa en Galicia e que teñan libros xenealóxicos xestionados pola consellería
Órgano responsable do ficheiro	Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Titulares ou representantes de explotacións en que haxa razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción
Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. Consellería do Medio Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771, Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Declaracións dos interesados
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria
Comunicacións ou cesións de datos	Prevense a publicación no <i>Diario Oficial de Galicia</i> , respecto das paradas equinas, dos datos de contacto sinalados pola persoa solicitante
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

F) Ficheiros do Fondo Galego de Garantía Agraria. Modifícase o ficheiro 3, que agora pasa a denominarse Xestores de axudas de fondos agrarios europeos.

Nome e descrición do ficheiro	Xestores de axudas de fondos agrarios europeos
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Rexistro dos xestores que interveñen na fase de autorización das axudas de fondos agrarios europeos
Órgano responsable do ficheiro	Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Xestores que interveñen na fase de autorización das axudas de fondos agrarios europeos
Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Fogga. Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños. 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Das comunicacións trimestrais realizadas polas unidades xestoras das axudas Feogagarantía á Secretaría do Fogga
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI, enderezo e números de teléfono
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Fogga
Comunicacións ou cesións de datos	Non están previstas
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

G) Ficheiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader). Modifícase o ficheiro 2: Contabilidade de Agader.

Nome e descrición do ficheiro	Contabilidade de Agader
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Contabilidade financeira e seguimento da execución orzamentaria
Órgano responsable do ficheiro	Agader
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Persoas ou representantes das entidades que teñen relación económica con Agader
Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Agader. Rúa Camiños da Vida s/n. Locais A-F, andar 2º. 15705 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Dos contratos ou dos expedientes administrativos
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: NIF, nome e apelidos, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax e datos de contas bancarias
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Agader
Comunicacións ou cesións de datos	Os datos básicos referidos a axudas, subvencións, convenios e contratos publicaranse a través da páxina web de Agader e dos rexistros da Xunta de Galicia
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

-Modifícase o ficheiro 4, que agora pasa a denominarse Grupos de desenvolvemento rural.

Nome e descrición do ficheiro	Grupos de desenvolvemento rural
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Rexistro dos datos dos grupos de acción local e dos grupos de desenvolvemento rural
Órgano responsable do ficheiro	Agader
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Socios e representantes de socios dos grupos de acción local e dos grupos de desenvolvemento rural
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Agader. Rúa Camiños da Vida s/n. Locais A-F, andar 2º. 15705 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Datos remitidos polos grupos de acción local e dos grupos de desenvolvemento rural
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI, nome e apelidos, enderezo e teléfono
Sistema de tratamento	Automatizado

Nome e descrición do ficheiro	Grupos de desenvolvemento rural
Encargado de tratamento	Agader
Comunicacións ou cesións de datos	Os datos básicos referidos a axudas, subvencións, convenios e contratos publicaranse a través da páxina web de Agader e dos rexistros da Xunta de Galicia
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

### -Modifícase o ficheiro 5: Datos do programa Leader +.

Nome e descrición do ficheiro	Datos do programa Leader +
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Seguimento e control do programa Leader +
Órgano responsable do ficheiro	Agader
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Solicitantes e beneficiarios de axudas ao abeiro do programa Leader +, así como os representantes daqueles se son entidades
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Agader. Rúa Camiños da Vida s/n. Locais A-F, andar 2º. 15705 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Datos remitidos polos grupos de acción local
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: NIF, nome e apelidos, enderezo, teléfono, fax, correo electrónico, datos de contas bancarias e contás das subvencións concedidas
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Agader
Comunicacións ou cesións de datos	Os datos básicos referidos a axudas, subvencións, convenios e contratos publicaranse a través da páxina web de Agader e dos rexistros da Xunta de Galicia
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

### -Modifícase o ficheiro 6: Datos do programa Proder II.

Nome e descrición do ficheiro	Datos do programa Proder II
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Seguimento e control do programa Proder II
Órgano responsable do ficheiro	Agader
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Solicitantes e beneficiarios de axudas ao abeiro do programa Proder II, así como os representantes daqueles se son entidades
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Agader. Rúa Camiños da Vida s/n. Locais A-F, andar 2º. 15705 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Datos remitidos polos grupos de acción local
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: NIF, nome e apelidos, enderezo, teléfono, fax, correo electrónico, datos de contas bancarias e contás das subvencións concedidas
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Agader
Comunicacións ou cesións de datos	Os datos básicos referidos a axudas e subvencións publicaranse a través da páxina web de Agader e dos rexistros da Xunta de Galicia
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

### -Modifícase o ficheiro 7: Datos do programa Agader.

Nome e descrición do ficheiro	Datos do programa Agader
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Seguimento e control do programa Agader
Órgano responsable do ficheiro	Agader
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Solicitantes e beneficiarios de axudas ao abeiro do programa Agader, así como representantes daqueles se son entidades
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Agader. Rúa Camiños da Vida s/n. Locais A-F, andar 2º. 15705 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Datos remitidos polos grupos de acción local
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: NIF, nome e apelidos, enderezo, teléfono, fax, correo electrónico, datos de contas bancarias e contás das subvencións concedidas

Nome e descrición do ficheiro	Datos do programa Agader
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Agader
Comunicacións ou cesións de datos	Os datos básicos referidos a axudas e subvencións publicaranse a través da páxina web de Agader e dos rexistros da Xunta de Galicia
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

## ANEXO II Creación de ficheiros

Créanse os seguintes ficheiros de datos de carácter persoal na Consellería do Medio Rural:

D) Ficheiros da Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria (hoxe Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria).

Nome e descrición do ficheiro	Rexistro de avisos de información gandeira
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Rexistro do servizo telefónico de recollida de distintos avisos gandeiros
Órgano responsable do ficheiro	Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Titulares de explotacións gandeiras
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. Edificio administrativo San Caetano s/n. 15771 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Chamadas telefónicas dos gandeiros
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI, enderezo e números de teléfonos de contacto
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria
Comunicacións ou cesións de datos	Non se atopan previstas
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

## F) Ficheiros do Fondo Galego de Garantía Agraria.

Nome e descrición do ficheiro	Xestión da taxa láctea.
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Xestión da taxa láctea no ámbito autonómico
Órgano responsable do ficheiro	Fondo Galego de Garantía Agraria
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Solicitantes, representantes legais, compradores, produtores, industriais e operadores de leite con sede en Galicia
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Fondo Galego de Garantía Agraria. Rúa dos Irmandiños s/n. 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Dos propios interesados ou os seus representantes legais, rexistros públicos, outras administracións públicas
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, sinatura electrónica, teléfono, enderezo, DNI/NIF; información comercial, datos económico-financieiros e de seguros, transaccións de bens e servizos
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Fondo Galego de Garantía Agraria
Comunicacións ou cesións de datos	A outros órganos administrativos, da Unión Europea, da Administración do Estado e da comunidade autónoma
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

### G) Ficheiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

Nome e descrición do ficheiro	Eixe 3 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR) e proxectos dinamizadores
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Seguimento e control do eixe 3 do PDR e das subvencións concedidas a proxectos dinamizadores
Órgano responsable do ficheiro	Agader
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Solicitantes e beneficiarios de axudas ao abeiro do eixe 3 e das convocatorias de axudas a proxectos dinamizadores, así como os representantes deles se son entidades
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Agader. Rúa Camiños da Vida s/n. Locais A-F, andar 2º. 15705 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Dos expedientes administrativos
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, fax, correo electrónico, datos da conta bancaria, grao de parentesco co titular da explotación, informe da vida laboral da conta de cotización á Seguridade Social do solicitante
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Agader
Comunicacións ou cesións de datos	Os datos básicos referidos a axudas e subvencións publicaranse a través da páxina web de Agader e dos rexistros da Xunta de Galicia
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas
Nome e descrición do ficheiro	Eixe 4 do PDR (metodoloxía Leader)
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Seguimento e control do eixe 4 do PDR (metodoloxía Leader)
Órgano responsable do ficheiro	Agader
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Solicitantes e beneficiarios de axudas ao abeiro do eixe 4, así como os representantes deles se son entidades
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Agader. Rúa Camiños da Vida s/n. Locais A-F, andar 2º. 15705 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Datos remitidos polos grupos de desenvolvemento rural
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, NIF, enderezo, teléfono, fax, correo electrónico e datos das contas bancarias
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Agader
Comunicacións ou cesións de datos	Os datos básicos referidos a axudas e subvencións publicaranse a través da páxina web de Agader e dos rexistros da Xunta de Galicia
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas
Nome e descrición do ficheiro	Premios Agader
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Seguimento e control dos premios Agader
Órgano responsable do ficheiro	Agader
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Representantes das candidaturas presentadas aos premios Agader
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Agader. Rúa Camiños da Vida s/n. Locais A-F, andar 2º. 15705 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Das candidaturas presentadas
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, fax, correo electrónico e datos das contas dos premios concedidos
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Agader
Comunicacións ou cesións de datos	Os datos básicos referidos aos premios Agader publicaranse a través da páxina web de Agader e dos rexistros da Xunta de Galicia
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

Nome e descrición do ficheiro	Eixe 3 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR) e proxectos dinamizadores
Nome e descrición do ficheiro	Iniciativas innovadoras do rural
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Publicación de iniciativas innovadoras galegas no rural
Órgano responsable do ficheiro	Agader
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas ou entidades que fixesen actuacións de interese para o público en xeral
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Agader. Rúa Camiños da Vida s/n. Locais A-F, andar 2º. 15705 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Investigación de Agader, con autorización dos interesados
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos e enderezo; e imaxes (reportaxe gráfica)
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Agader
Comunicacións ou cesións de datos	Publicación na páxina web de Agader de datos identificativos, coa autorización previa dos interesados
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

### H) Ficheiros da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

Nome e descrición do ficheiro	Sistema integrado de xestión de axudas
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Xestión integral das axudas da dirección xeral e realización de estatísticas e informes de seguimento e estudos
Órgano responsable do ficheiro	Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Solicitantes das axudas xestionadas pola dirección xeral
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, San Lázaro, s/n. 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Por medio das solicitudes
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos identificativos: DNI/CIF, teléfono, enderezo, nome e apelidos, e-mail, datos de circunstancias sociais, datos das contas bancarias
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais
Comunicacións ou cesións de datos	Ao Fondo Español de Garantía Agraria e ao Fondo Galego de Garantía Agraria; publicación de datos básicos segundo o artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

Nome e descrición do ficheiro	Rexistro forestal de Galicia
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Rexistro e control de montes situados no territorio de Galicia, dereitos sobre estes e empresas forestais que desenvolvan a súa actividade en Galicia
Órgano responsable do ficheiro	Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Titulares de montes veciñais en man común, de montes ordenados, unidades de xestión forestal, empresas forestais
Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais San Lázaro, s/n. 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Por medio das solicitudes de inscrición
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos identificativos: DNI/CIF, teléfono, enderezo, nome e apelidos, e-mail, fax
Sistema de tratamento	Automatizado
Encargado de tratamento	Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

Nome e descrición do ficheiro	Rexistro forestal de Galicia
Comunicacións ou cesións de datos	Comunicación de determinadas inscricións aos rexistros estatais do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non están previstas

### ANEXO III Supresión de ficheiros

Suprímense os seguintes ficheiros de datos de carácter persoal recollidos na Orde do 17 de marzo de 2004:

D) Ficheiros da Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria (hoxe Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria).

Os ficheiros: 23.-Ficheiro: Avisos de recollida de animais mortos nas explotacións gandeiras e 24.-Ficheiro: Xestión dos certificados veterinarios de aptitude suprímense como tales e pasan a integrarse no ficheiro único, de nova creación, especificado no anexo 2: Ficheiro: Rexistro de avisos de información gandeira.

*Resolución do 13 de outubro de 2008, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se lle notifica a resolución do recurso interposto por Manuel Vázquez Sánchez contra as bases definitivas da zona de concentración parcelaria de Filgueira de Barranca-Trasanqueros (Cesuras-A Coruña) á afectada Andrea Sánchez Vázquez.*

Intentada a notificación por medio do servizo de correos, de acordo co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e ao non ser posible a súa práctica, por medio desta resolución notifícaselle a Andrea Sánchez Vázquez a Resolución do 9 de maio de 2008, do secretario xeral da Consellería do Medio Rural, por delegación do conselleiro do 12-8-2005, na cal acordou o seguinte:

Visto o recurso de alzada presentado por Manuel Vázquez Sánchez (propietario nº 702) contra as bases definitivas da concentración parcelaria da zona de Filgueira de Barranca-Trasanqueros (Cesuras-A Coruña), e tendo en conta os seguintes:

Feitos.

Primeiro.-Con data do 9 de xuño de 2004, o Pleno da Xunta Local de Concentración Parcelaria de Filgueira de Barranca-Trasanqueros (Cesuras-A Coruña) aprobou as bases definitivas de concentración da zona, publicándoas no DOG como Resolución do 9 de xullo de 2004, da Delegación Provincial da Coruña.

Estas bases foron expostas ao público no concello e lugares de costume e notificóuselle ao interesado

con data do 14 de xullo de 2004 na forma legalmente establecida.

Segundo.-Contra as bases definitivas, con data do 10 de agosto de 2004, Manuel Vázquez Sánchez (propietario nº 702), interpón recurso de alzada, no cal manifesta que no seu día formulou alegacións contra as bases provisionais por mor da superficie asignada ás parcelas nº 81, 132 e 145 do polígono 5, presentando incluso plano dalgunha delas e manténdose nas bases definitivas os mesmos erros iniciais sen que fosen emendados.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A competencia para resolver este recurso correspóndelle ao conselleiro do Medio Rural, de acordo co establecido no artigo 40 da Lei galega 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia.

Esta competencia foi delegada no secretario xeral, en virtude do disposto no punto sexto 1 a) da Orde do 12 de agosto de 2005, sobre delegación de competencias nos distintos órganos da consellería.

Segundo.-O recurso interpúxose en tempo e forma segundo dispoñen os artigos 36 e 40 da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, e por persoa lexitimada, de conformidade cos artigos 31 e 110 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Terceiro.-Os servizos técnicos desta consellería, logo do exame do expediente e, das alegacións do recorrente e das comprobacións realizadas, informaron do seguinte:

A parcela nº 81 foi comprobada no campo, coincidindo as medidas coas do plano presentado. Non obstante, debido a un erro, non se modificou a superficie da parcela.

En canto ás parcelas nº 132 e 145, que en realidade forman unha única parcela que quedou dividida á metade por un camiño, o que sucede é que o recorrente reclama a totalidade destas parcelas mentres que só figuran ao seu nome as nº 132-2 e a 145-2, xa que as nº 132-1 e 145-1 están a nome de Andrea Sánchez Vázquez. Trátase, polo tanto, dunha duplicidade.

Para os efectos de resolver a duplicidade que pesa sobre as parcelas nº 132-1 e 145-1 do polígono 5, o servizo xurídico librou trámite de audiencia para notificar os propietarios afectados pola mesma circunstancia e instalos á presentación de documentación que a resolva a favor dun ou doutro.

A través de escrito do 23-6-2006, o propietario nº 702, Manuel Vázquez Sánchez, reitérase nas súas alegacións afirmando ser o titular da totalidade das dúas parcelas en disputa, xa que, coma declarou na fase de investigación da propiedade, lle corresponden por doazón de Javier Vázquez Castro, segundo escritu-